

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expte. 2021015785	Deputación:	Expte. 16/2021	Subv.:	Expte. Actuación preparatorias contratos: 1434/2021	Expte. Contratación: 1824/2022 (Resolto contrato Lote 2). 4945/2022 (Nova licitación Lote 2)
Tipo de contrato: <b>OBRAS</b>					
Obxecto do contrato: <b>SEPARATA LOTE 2 - MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: Camiño de Cortiñas de Abaixo (Corvillón), Rúa Camiño do Cruceiro e Camiño de O Sineiro PC2021 (2021015785)</b>					
Procedemento de contratación: <b>Aberto simplificado abreviado.</b>					
Tramitación: <b>Ordinaria.</b>					
Código CPV: <b>45233222-1 Traballos de pavimentación e asfaltado</b>					
Prezo estimado: <b>57.104,11 €</b>				IVE: <b>11.991,86 €</b>	
Orzamento base de licitación: <b>69.095,97 €</b>					
Duración: <b>1 mes</b>					
Aplicación orzamentaria	Proxecto de gasto		retención de crédito Nº OPERACIÓN:		Importe retido
<b>1532.61907</b>	<b>2022/0011</b>		<b>2023/EP/000851</b>		161.775,21 € dos que <b>69.095,97 €</b> se corresponden co <b>Lote 2</b>

### ANTECEDENTES:

Resultando que, no *expediente de subvención n.º 16/2021*, consta a notificación de concesión da axuda, outorgada ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2021), para as obras de “**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS**” PC2021 (2021015785), por importe **161.775,21 € (IVE engadido)**, que abarca a execución das obras, quedando polo tanto acreditada a plena dispoñibilidade dos financiamentos externos, de conformidade co establecido no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público e o Decreto desta Alcaldía n.º 2021-0785, de data 09/06/2021, pola que se **aceptou a axuda** concedida.

Investimento PC2021	Nº Expte	Subvención	Fondos
Mellora da pavimentación de camiños en Cambados	2021015785	161.775,21	0,00

Resultando que no *expediente de subvención n.º 16/2021*, consta o proxecto das obras de “**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS PC2021**” (2021015785), redactado polos enxeñeiros D. Francisco Javier Carballo Núñez e D. Gabino Grande Toro.

Execución material	112.351,70	
13% Gastos xerais	14.605,72	21.346,82
6% Beneficio industrial	6.741,10	
<b>Valor estimado</b>	<b>113.698,52</b>	
21% IVE	28.076,69	
<b>Orzamento base de licitación</b>	<b>161.775,21</b>	

Resultando que, no *expediente de actuacións preparatorias de contratos n.º 1434/2021*,



constan as autorizacións sectoriais que se tramitaron, en base ao informe supervisión do proxecto, emitido polo técnico municipal e que se indican seguidamente:

<b>VIABILIDADE SECTORIAL.</b> As obras a que se refire este proxecto están afectadas pola lexislación sectorial seguinte:		
1	CAMIÑO DE OS CAEIROS A PINAR DO REI.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Autorización de <b>AUGAS DE GALICIA</b>, por estar dentro dos 100 m. da zona de policía do río Umia.</li> <li>▶ Autorización do <b>P.O.L. (PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL)</b> (Rede de Espazos naturais)</li> <li>▶ Autorización de <b>COSTAS</b>, por estar dentro da zona de afección do Dominio público Marítimo Terrestre.</li> <li>▶ Autorización de <b>PATRIMONIO CULTURAL</b>, por estar dentro da zona de afectación dos xacementos de Con das Pias do Pinar do Rei.</li> </ul>
2	CAMIÑO DE CORTIÑAS DE ABAIXO – CORVILLÓN.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Autorización da <b>AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS</b>, por estar dentro da zona de afección da VG-4.3.</li> <li>▶ Autorización de <b>PATRIMONIO CULTURAL</b>, por estar dentro da zona de afección dun hórreo e da Igrexa e Rectoral de Corvillón.</li> </ul>
3	RUA CAMIÑO DO CRUCEIRO.	▶ Autorización da <b>AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS</b> , por estar dentro da zona de afección da PO-550.
4	CAMIÑO COUTO DE ARRIBA – CASTRELO.	▶ Autorización de <b>PATRIMONIO CULTURAL</b> , por estar dentro da zona de afección dun hórreo e da Capela de Xuruxanos e San Paio.
5	CAMIÑO SINEIRO - VILARIÑO	▶ Autorización da <b>DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA</b> , por estar dentro da zona de afección da estrada EP-9506.
<p><b>Constan:</b>            Autorización de Augas de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade).            Instituto Estudos do Territorio - POL (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda): non precisa autorización.            Autorización de Costas do Estado (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) (Servizo de Urbanismo).            Autorización de Patrimonio Cultural (Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade).            Autorización da Axencia Galega Infraestruturas (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade).            Autorización da Excm. Deputación de Pontevedra (Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais).</p>		

Resultando que, no **expediente de subvención 16/2021**, consta o Decreto de Alcaldía, 2021-0394, de data 25/03/2021, polo que se presta aprobación ao proxecto de “**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS**” PC2021 (2021015785).

Resultando que, no **expediente de subvención 16/2021**, consta a acta de trazado previo, de data 26/03/2021, asinada polo Concelleiro de Obras Públicas, D. Samuel Lago Ozón e polos enxeñeiros redactores do proxecto, D. Francisco Javier Carballo Núñez e D. Gabino Grande Toro.

Resultando que no **expediente de contratación n.º 1824/2022** das obras de “**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS**” PC2021, figura a resolución da alcaldía do 30/11/2022 (Decreto 2022-1653), pola que se **resolveu dito contrato** de obras, por mutuo acordo, en relación ao seu **Lote 2: Camiño de Cortiñas de Abaixo (Corvillón), Rúa Camiño do Cruceiro e Camiño de O Sineiro (Vilariño)**, adxudicado á empresa Asfalgal Técnicas Viarias S.L.

LOTE 1		LOTE 2	
CAMIÑO OS CAEIROS A PINAR DO REI	54.480,65	CAMIÑO DE CORTIÑAS DE ABAIXO - CORVILLÓN	28.620,44
COUTO DE ARRIBA – CASTRELO	8.912,17	RÚA CAMIÑO DO CRUCEIRO	16.372,13
SEGURIDADE E SAÚDE	426,91	CAMIÑO SINEIRO - VILARIÑO	1.776,53
XESTIÓN RESIDUOS	545,32	SEGURIDADE E SAÚDE	414,11
Execución material	64.365,05	XESTIÓN RESIDUOS	803,44
		Execución material	47.986,65



13% Gastos xerais	8.367,46	12.229,36	13% Gastos xerais	6.238,26	9.117,46
6% Beneficio industrial	3.861,90		6% Beneficio industrial	2.879,20	
<b>Valor estimado</b>	<b>76.594,41</b>		<b>Valor estimado</b>		<b>57.104,11</b>
<b>Valor estimado LOTE 1 e LOTE 2</b>			<b>133.698,52</b>		
<b>LOTE 1</b>			<b>LOTE 2</b>		
<b>Valor estimado</b>	<b>76.594,41</b>		<b>Valor estimado</b>		<b>57.104,11</b>
21% IVE	16.084,83		21% IVE		11.991,86
<b>Presuposto base de licitación</b>	<b>92.679,24</b>		<b>Presuposto base de licitación</b>		<b>69.095,97</b>
<b>TOTAL LOTE 1 e LOTE 2</b>			<b>161.775,21</b>		

Resultando que, tramitado novo expediente de contratación n.º 4945/2022, consta a **Separata Lote 2** do proxecto das obras de “**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: Camiño de Cortiñas de Abaixo (Corvillón), Rúa Camiño do Cruceiro e Camiño de O Sineiro**” PC2021 (2021015785), redactado polos enxeñeiros D. Francisco Javier Carballo Núñez e D. Gabino Grande Toro e que ascende a:

Execución material		47.986,65
13% Gastos xerais	6.238,26	9.117,46
6% Beneficio industrial	2.879,20	
<b>Valor estimado</b>		<b>57.104,11</b>
21% IVE		11.991,86
<b>Presuposto base de licitación</b>		<b>69.095,97</b>

Resultando que, no expediente de contratación n.º 4945/2022 e, en relación coas autorizacións sectoriais tramitadas antes descritas, figura o informe do supervisión da separata lote 2 do proxecto, emitido pola técnica municipal, das obras de “**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: Camiño de Cortiñas de Abaixo (Corvillón), Rúa Camiño do Cruceiro e Camiño de O Sineiro (Vilariño)**” PC2021.

Resultando que, no expediente de contratación n.º 4945/2022, consta o Decreto de Alcaldía, 2023-0288, de data 23/02/2023, polo que se presta aprobación ao anexo de definición de melloras e á **Separata Lote 2** do proxecto de “**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: Camiño de Cortiñas de Abaixo (Corvillón), Rúa Camiño do Cruceiro e Camiño de O Sineiro (Vilariño)**” PC2021.

Resultando que, no expediente de contratación n.º 4945/2022, consta o Decreto de Alcaldía, 2023-0288, de data 23/02/2023, polo cal a **Separata Lote 2** do proxecto das obras de “**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: Camiño de Cortiñas de Abaixo (Corvillón), Rúa Camiño do Cruceiro e Camiño de O Sineiro (Vilariño)**” PC2021, que ascende a un total de **69.095,97 € (Ive engadido)**, se financiará coa parte da subvención concedida e non executada en relación ao Lote 2 das obras de “**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS PC2021**” [161.775,21 € (Ive engadido)], con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.

Visto que, no expediente de contratación 1824/2022, consta o anexo de división en lotes da licitación inicial, emitido polos enxeñeiros redactores do proxecto de conformidade co disposto no artigo 99.3 da LCSP. Así mesmo, visto que a actual actuación proxectada xa conformaba un lote separado, no expediente de contratación 4945/2022 non resulta precisa a división en



**lotes** do obxecto do contrato.

Resultando que, no **expediente de contratación 4945/2022**, consta a Memoria xustificativa do órgano de contratación da necesidade do contrato, asinada en data 24/02/2023.

Resultando que o prezo estimado do contrato (69.095,97 €) é inferior a 80.000,00 €, de conformidade co previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá adjudicarse por procedemento aberto simplificado abreviado.

Prezo estimado do contrato	69.095,97 €
----------------------------	-------------

Visto que consta no expediente a certificación da existencia de crédito adecuado e suficiente, na partida orzamentaria 1532.61907 e de retención (2023/EP/000851), de data 28/02/2023.

Visto o informe xurídico da Secretaría, relativo á lexislación aplicable e o procedemento a seguir, emitido en data 02/03/2023.

Visto o informe de fiscalización de conformidade da Intervención Municipal, emitido en data 07/03/2023.

Visto o artigo 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, que establece que completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación e na que se procederá á aprobación do gasto.

Polo exposto, en virtude das competencias atribuídas á Alcaldía pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público,

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación das obras de **“SEPARATA LOTE 2 - MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: Camiño de Cortiñas de Abaixo (Corvillón), Rúa Camiño do Cruceiro e Camiño de O Sineiro (Vilariño)” PC2021 (2021015785)** e que forma parte do expediente.

**SEGUNDO.-** Aprobar o **expediente de contratación n° 4945/2022**, tramitado para a adjudicación por **procedemento aberto simplificado abreviado** das obras de **“SEPARATA LOTE 2 - MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: Camiño de Cortiñas de Abaixo (Corvillón), Rúa Camiño do Cruceiro e Camiño de O Sineiro (Vilariño)” PC2021 (2021015785)**.

**TERCEIRO.-** Autorizar o gasto pola contía máxima que se indica seguidamente:

Aplicación orzamentaria	Proxecto de gasto	Retención de crédito Nº operación	Importe
1532.61907	2022/0011	2023/EP/000851	161.775,21 €, dos que <b>69.095,97 €</b> se corresponden co <b>Lote 2</b>

**CUARTO.-** Dispoñer a apertura do procedemento de contratación e anunciar a licitación no



perfil do contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia (Perfil do contratante) e insertar a documentación correspondente na ferramenta SILEX da Consellería de Facenda ([https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE\\_Internet/](https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet/)), aos efectos de que as empresas se poidan presentar as súas ofertas electronicamente.

**QUINTO.-** A presente Resolución xunto coa Memoria xustificativa do órgano de contratación serán publicadas no Perfil do contratante, en cumprimento do establecido no artigo 117 e 63 da LCSP.

**SEXTO.-** Da presente Resolución darase conta ao Pleno da Corporación Municipal, na primeira sesión que celebre.

En Cambados. Asinado electronicamente.

